

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Persoal, oposicións

APERTURA DO PRAZO DA CONVOCATORIA DE PRAZAS LABORAIS DE PROMOCIÓN INTERNA DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2012

Con data 17 de marzo do 2016, por esta Concellería-Delegada, ditouse a seguinte Resolución:

Primeiro.- Proceder á apertura do prazo da convocatoria do proceso selectivo en execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2012 en relación ás seguintes prazas laborais:

- Capataz parque Móbil. Número de prazas: 1. Sistema de provisión: promoción interna.
- Oficial Conductor. Número de prazas: 3. Sistema de provisión: promoción interna.
- Oficial Xardineiro. Número de prazas: 2. Sistema de provisión: promoción interna.
- Oficial de Instalacións Municipais. Número de prazas: 1. Sistema de provisión: promoción interna.

Segundo.- O prazo de presentación de solicitudes para tomar parte nas ditas convocatorias será de 20 días naturais, a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Os sucesivos anuncios referentes a estas convocatorias unicamente se farán públicos no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro de Anuncios da Corporación, xuntamente coa páxina web municipal www.vigo.org

Vigo, a 17 de marzo de 2016.—A Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, María Dapena Gómez.—O Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015), Javier Pardo Espiñeira.

